

## **NOTA DE PRENSA**

*O experto vasco impartirá un obradoiro o sábado á mañá no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia*

### **Fernando Fantova presenta mañá o libro *Diseño de políticas sociales* en Santiago de Compostela**

---

*Santiago de Compostela, 28 de abril de 2016* - Fernando Fantova Azcoaga, un dos maiores expertos a nivel nacional e internacional en deseño de políticas sociais relacionadas co ámbito das organizacións non lucrativas, visitará este venres e sábado Santiago de Compostela en senllas actividades organizadas polo Colexio Oficial de Psicoloxía. Por unha banda, presentará o seu último libro e ademais, ofrecerá un obradoiro sobre a súa área de especialización dirixido a profesionais da psicoloxía.

Mañá venres 29 de abril ás 19:00 horas na compostelá Librería Couceiro, o consultor bilbaíno presentará o seu libro *Diseño de políticas sociales*. O que fora viceconselleiro de Asuntos Sociais e director da área de innovación sociosanitaria no Goberno vasco, pretende facerse cargo nesta publicación do momento social de alta preocupación, desde diversos puntos de vista e posicións, sobre a continuidade e a sustentabilidade, desde unha perspectiva económica, política ou moral, das políticas sociais. A intención é situarse un paso antes do terreo propiamente político e ideolóxico, ao entender que hai un corpo común de coñecemento que ofrecer á lexítima pluralidade política e ideolóxica existente entre os diferentes axentes que participan na toma de decisións.

Xa na mañá do sábado, Fernando Fantova impartirá un obradoiro na sede do COPG sobre a psicoloxía da intervención social no actual contexto das políticas sociais, que buscará identificar e proxectar liñas de innovación e, en xeral, de xestión do coñecemento para un mellor posicionamento e unha maior contribución da psicoloxía da intervención social nestas políticas actuais e futuras. Os diferentes ámbitos das políticas sociais, como os servizos sociais ou a educación, a sanidade, o emprego, etc., constitúen, sen dúbida, espazos de crecente oportunidade e desafío para as e os profesionais da psicoloxía, especialmente, da psicoloxía da intervención social.

Este colectivo profesional require ter un coñecemento sólido en materia de políticas sociais como forma de ampliar as súas oportunidades laborais nun sector que está en continuo cambio e que precisa moita máis psicoloxía da que ten na actualidade. A pobreza, a exclusión social, o desemprego, os desafiuzamentos...; son moitos os graves problemas que acusa a sociedade na actualidade e neste senso, é importante a formación continuada dos psicólogos e psicólogas para comprender as estruturas que están detrás destas problemáticas.

Fernando Fantova, licenciado en psicoloxía e doutor en socioloxía, vén exercendo desde mediados dos noventa como consultor independente sobre intervención, xestión e política social tanto a nivel estatal como de América Latina. Ademais das responsabilidades que tivo no Goberno vasco, é autor de dez libros e douscentos artigos, relatorios ou capítulos.

## Resumo da axenda

*Venres 29 de abril, 19:00h, Librería Couceiro, Santiago de Compostela (Praza de Cervantes, 6)*

Presentación de *Diseño de políticas sociales*, co autor, Fernando Fantova.  
Entrada libre.

*Sábado 30 de abril, 10:00h, Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Santiago de Compostela (Rúa da Espiñeira, 10 baixo)*

Obradoiro "A psicoloxía da intervención social no actual contexto das políticas sociais", con Fernando Fantova.  
Dirixido a profesionais da psicoloxía.

## Saúdos,

Se desexan solicitar **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns: 981 534 049 / 699 908 968 / [comunicacion@copgalicia.gal](mailto:comunicacion@copgalicia.gal)